

# "OS MUIÑOS DE AUGA E ACEITUNA EN QUIROGA"


Alumno:
EUGENIO RODRIGUEZ RODRIGUEZ
Director tutor:
DON MANUEL CAMAÑA SUAREZ

T. F. C 869

R. 869

| PAX: |
| --- |
| 1 |
| TEMA: T. F. C. |
| TRATA: |
| APARTADO: |

"Os muiños de auga e aceituna en Quiroga"

- A todolos nosos vellos
- Os meus amigos, especialmente
  - Arsenio
  - Toñito
  - Tercixa

Universidade da Coruña - E.U. Arquitectura Técnica - Biblioteca

ESQUEMA DE PARTIDA:

A idea diste traballo naceu dunha forma casual. O feito da meu interes polas construccions tradicionais xunto coa proposta do profesor tutor á meu compañeiro Gustavo fixeron que eu me interesase e acabase por adoptalo.

O esquema de partida e proposto foi o seguinte:

TITULO: "Estudio dos muiños de cereais e oliva no municipio de Quiroga"

PUNTOS:

- Localización e estado actual
- Documentación fotográfica e gráfica.
- Tipoloxia e funcionamento
- Elementos constitutivos
- Estudio evolutivo
- Posibilidades futuras.

Destos puntos:

+ O terceiro punto non o abordo por estar suficientemente desenrolado en bibliografía moi variada que se detalla e tamen moi ben no traballo do meu compañeiro Xose Carlos.

+ O ultimo punto está tamen moi ben desenrolado no traballo de Xose Carlos.

+ Os demais puntos non constituen capitulos por si senon que se desenrolan en cada aldea estudada.

# INDICE


| | |
|---|---|
| Limiar | 4 |
| Cuadro resumen | 7 |
| Sequeiros | 10 |
| Bendollo | 16 |
| Vilarmiel | 22 |
| Rugando | 33 |
| Xestoso | 39 |
| Pontido | 42 |
| Fiais | 52 |
| Cireixido | 54 |
| Parada Seca | 65 |
| Bendillo | 70 |
| Villaster | 74 |
| Monte Furado | 78 |
| Albaredos | 86 |
| Villarbacú | 87 |
| Cruz de Outeiro | 90 |
| O Mazo | 92 |
| Soldon | 95 |
| Ribeira | 100 |
| A Ponte | 102 |
| Bibliografía | 106 |

PAX
4

TEMA:
T.
F.
C.

TRATA:
LIMIAR

APARTADO:

# Limiar

OBXECTIVOS DO TRABALLO:

A primeira pregunta sería a de porqué fixen este traballo. Pois ben, a resposta é que quería facer algo novo, algo que me servise para algo a min e a poder ser que lle servise a outra xente.

O primeiro obxectivo, dende logo, foi altamente acadado quizá non da mesma maneira que pensaba nun principio pero si mais gratificamente. Conseguín conocer un pouco mais a miña xente e polo tanto a min mesmo. Extenderme mais neste primeiro caso non ben a caso.

O segundo obxectivo depende de ti, se chegas a leer o traballo. Espero, de verdade que de algo che sirva e si estás interesado e contactar conmigo estarei encantado de poder falar contigo.

Referentes a porqué o fixen en galego e non noutro idioma, castelan neste caso, direi que porque me pareceu o mais adecuado e nada mais. Creo que é bon deixar sempre as cousas no seu sitio.

COMO ENMARCALO:

Este traballo podese considerar coma un traballo sobor das construccions adxetivas da nosa arquitectura popular.

A continuación copio un texto propio que me inspirou a lectura de "Pedro de Llano" e que aconsello a sua lectura:

"As construccións tradicionais veñen impostas pola relación do home coa terra e mais pola caracteristica de autarquia propia da nosa comunidade. Podese, incluso, que a casa-vivenda non é simplemente unha casa-vivenda senon un conglomerado adxetivo que forman a práctica totalidade do proceso produccion-consumo. Este aspecto vese mais marcado nas construccions de montaña e naquela dos pobos mais aillados, xa que nos demais casos transformase mais pola influencia da industria. É por iso que o falar da arquitectura popular galega esta non queda completa co só estudio da casa-vivenda. As construccions adxetivas poden formar un ente aparte; xeralmente, iso non sole acontecer xa que na meirande parte dos casos son propiedade dunha soa casa — ver definicion de casa "A.P.E.6" Pedro de Llano Cabado — ou compartida por varias. Contrasta esto coa arquitectura urbana.

A tipoloxia constructiva asi coma os materiais empregados denotan unha caracteristica peculiar destas construccións. Nas construccións adxetivas empreganse xeralmente os materiais mais proximos e económicos sin que por elo deixen de ter un bó caracter constructivo, coma no caso do horreo, construcción por autonomasía galega.

Pedro de Llano no seu libro "Arquitectura popular en Galicia fai a seguinte clasificación:

- Almacens de ustensilios de labranza
- Arquitectura do pan
- Arquitectura do gando
- Arquitectura do viño
- Construccións da caza e da pesca.
- Edificacións dos artesanos
- Arquitectura da auga
- Edificacións de uso comunal

INTRODUCCION OS MUIÑOS:

Aconsello a lectura de Xavier Rosal asi coma do meu compañeiro Xose Carlos Martinez pola simpleza non ausente de rigor ademais da bibliografía que se reseña o final diste traballo

Repetir, copiar e incluso resumir o xa dito non me parece a miña laboura nen a deste traballo.

"O mais dificil non é pensar cousas novas senon volver pensar o que outros pensarón"

-Alguen o dixo-

Espero que non señan unhas follas mais nunha triste estanteria.

# Cuadro Resumen.

| Ref | ALDEA | DESIGNACION | ESTADO | FUNCIONA | REFORMAS | PROPIETARIOS | OBSERVACIONS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Sequeiros | Muiño de aceite | 1 | 1 | 2 | | |
| 2 | Bendollo | Muiño de aceite | 2 | 2 | 1 | Odilo | Conserva a prensa de palanca |
| 3 | Bendollo | Muiño de aceite | 1 | 1 | 2 | Francisco | |
| 4 | Vilarmiel | Relo de grao | 1 | 2 | 3 | Da aldea | Fai dous anos que funcionaba |
| 5 | Rugando | Relo de grao | 3 | 3 | 1 | Amadeo | Foi unha ferrería |
| 6 | Xestoso | Relo de grao | 3 | 3 | 2 | Casa Barroso | |
| 7 | Xestoso | Conxunto | 4 | 4 | – | | Restos de paredes e pedras |
| 8 | Pontido | Muiño de grao | 3 | | | | |
| 9 | Pontido | Muiño de grao | 3-4 | | | | |
| 10 | Pontido | Muiño de grao | 4 | | | | Tan só un monton de pedras arrodeado dun silveiro |
| 11 | Fiais | Muiños relos | 3 | 2 | 2-3 | Da Aldea | Inaccesibles |
| 12 | Cireixido | Relo de grao | 3-4 | 3 | – | Da Aldea | |
| 13 | Cireixido | Relo de grao | 2-3 | 2 | 2 | Da Aldea | |
| 14 | Cireixido | Relo de grao | 2-3 | 2 | 1 | Dos Xicos | |
| 15 | Cireixido | Relo de grao | 2 | 2 | 2 | Josefa | Non o vín |
| 16 | Parada Seca | Muiño de aceite | 2 | 2 | 2 | Manuel | |
| 17 | Bendillo | Muiño de grao | 3 | 3 | - | De maquía ? | Non cheguei a eles por estar medio inaccesibles e non presentar demasiada importancia |
| 18 | Bendollo | Muiños de grao (2) | 3 | 3 | – | De maquía ? | |
| 19 | Bendéllo | Muiño de aceite | 2 | 1 | 4 | Guillermo Lopez | |
| 20 | Villa Hester | Muiño de aceite | 2 | 2 | 2 | Jose Rodriguez Fierro | É a aldea a que o administra |
| 21 | Montefurado | Muiño de aceite | 2 | 2 | 1 | Iginio | |

1 Boa Conservación — 2 Lixeiros deterioros — 3 Semiruinoso — 4 Vestixios

1 Funciona — 2 < 10 funcionou — 3 < 50 funcionou — 4 > 50 funcionou

1 Nulas — 2 Pequenas — 3 Parciales — 4 Remodelación

TEMA: T. F. C.

TRATO: CUADRO RESUMEN

APARTADO

TEMA: T. F. C.

TRATA: CUADRO RESUMEN

APARTADO:

| Ref | ALDEA | DESIGNACION | ESTADO | FUNCIONA | REFORMAS | PROPIETARIOS | OBSERVACIONES |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 22 | Montefurado | Muiño de aceite | 2 | 1 | 2 | Joaquín | ... Corzos → Marina → Joaquín |
| 23 | Montefurado | Muiño de grao | 3 | 3 | 2 | | |
| 24 | Albaredos | Muiño de aceite | 1 | 1 | 2 | Jesus Fernandez | |
| 25 | Villarbacú | Muiño relo de grao | 1 | 1 | 1 | 7 herdeiros | E outros dous das mesmas caracteristicas pero que xa non funcionan |
| 26 | Cruz de Outeiro | Muiño de grao | 4 | 3 | 2 | Lut | |
| 27 | O Mazo | Ferrerías | → | → | → | → | Vestixios |
| 28 | Sequeiros | Muiño de grao | 1 | 1 | 3-4 | O Cañero | O único que funciona formalmente e que se coñece mais |
| 29 | Ribeira | Muiño de grao | | | | | |
| 30 | Ponte | Muiño de grao | 1-2 | 2 | 3-4 | Casa Urbano | |


Quiroga
Pacios de Mondelo
Ribera de Arriba
Ribera de Abajo
Carretera de Hospital
Vilañán
Penedo
854
K.81
K.80
K.79
K.62
267
K.63
Labradie
San Clodio
1246
K.333
Carballedo
Hospital
San Julián de Abajo
San Julián de Arriba
Paravello
533
K.61
Gaspedro
Casa de Otero
Souto
Los Castros
753
Paradaseca
Las Cabeiudas
Pousanueva
K.332
Pousavella
San Pedro
K.60
Castillo
Barca
K.59
Noyaes
K.331
Villardonas
Relosio
Cima de Vila
La Cuesta de San Marcos
K.58
Sequeiros
K.329
K.328
K.57
Solbón
K.327
K.56
Bendollo
San Antonio
K.326
K.55
Bendilló
Chenza
Souto
El Santo
El Prado Grande
Lousadela
Otero
K.325
Piñeira de Abajo
Piñeira de Arriba
Moredo
Aldea
K.54
El Vogo
Chao da Casa
K.324
K.53
Figueiredo
Villaster
Cerengo
K.323
42
43
44
45
46
47



# Sequeiros

Sequeiros é unha aldea a que se chega por un pequeno camiño que da acceso a N-120. Queda moi preto de Quiroga.

O muiño achase nunha pequena dependencia de pranta terrea duns 35 m². Esta dependencia, con tellado a unha auga, conten os dous elementos básicos do muiño que son a moa e maila prensa.

É un dos muiños mellor conservados da zona ademais de se-lo que queda mais preto da villa.

O muiño propiamente dito está feito de fabrica de coio rodado do rio tomados con argamasa de cemento. Os paramentos interiores da moa están resoltos con lousas de pizarra para evita-lo desgaste que sufriría a fabrica con un simple revoco; ademais de non ser suficientemente resistente, non permitiría unha limpeza de rigor.

A pedra é de gneis asi como as pias. Tratase de busca-la pedra adecuada e que ademais este, ou se atope en luares proximos.

A sua data de construcción non se sabe. Como resposta a esta pregunta tiven a de: "Eu que sei meu fillo, eu sempre o acordo e mais os meus pais tamen e nonlles oin falar de quen ou cando o fixeron. Dende logo e mais vello ca min..."






PRANTA MUIÑO E~ 1:50

SECCION



SECCION MOA E~1:20



PIA E~1:10

PAX: 13

TEMA: T.F.C.

TRATA: SEGUEI[illegible]

APARTADO: CROQUIS



- APOIO PARA QUENTA-LO CALDEIRO



PRENSA MODERNA

FOSO E PIPA DA PÍA



PRENSA E PIA



Universidade da Coruña · EU ARQUITECTURA TECNICA · BIBLIOTECA



TRAVESAS DA PRENSA

PAX: 15

TEMA: T. F. C.

TRATA: SEQUEIROS

APARTADO: FOTOS






PAX: 16

TEMA: T. F. C.

TRATA: BENDOLLO

APORTADO:

Bendollo

Ista aldea que se atopa a uns oito kilometros da vila de Quiroga chegase por unha estrada de un kilometro e medio que parte da N-120, ou carretera do Sil. Tratase dunha aldea duns 18 veciños pero que no verao aumenta considerablemente a sua poboación debido os fillos, xenros, netos e amigos que veñen. Ista é unha caracteristica de boa parte dos nosos pobos. i é unha caracteristica moi importante en Bendollo.

Nesta aldea hai dous muiños de aceite: o da 'irma de Francisco' e mailo do 'Odilo'; iste ultimo ainda conserva a prensa antiga, clásica nas bodegas do viño.

É destacable do muiño do Odilio a prensa, que ten a travesa de negrillo (desgraciadamente a peste foi secar ista arbore de forma fulminante) e o fuso de sobreira, asi coma as dimensions da mesma.

Nista aldea era na que mais aceite se collía dacordo coas observacións do Odilio. e mais do Francisco chegandose nos anos de mais colleita a estar moendo ata 8 semanas seguidas. Esto suporía que 2 muiños x 16 cantaras o día x 50 litros por cantara e 8 semanas que a aldea chegaba a producir ata 12.800 l.

O muiño do Odilo foi feito polo seu pai no ano 1900 mais ou menos.

O muiño do Francisco puxoselle unha prensa 'moderna' fai tan só uns 20 anos a cal foi traida dende Ourense por un familiar seu.

Hoxe en día apenas se fai aceite, todo porque moitas das oliveiras queimaronse e por riba non haí quen as traballe e moitas delas secaron. O muiño do Odilo xa non moe

TEMA: T.F.C.

TRATA: BENDOLLO

APARTADO: CROQUIS



PRANTA MUIÑO DO ODILO



PRANTA MUIÑO DA IRMA DO FRANCISCO




DETALLE PRENSA DO ODILO E~1:50

TEMA T. F. C.

TRATA BENDOLLO

APARTADO FOTOS



APOIO EIXE DA MOA

RODA DO MUIÑO



FUSO DA PRENSA METALICA OU MODERNA



CALDEIRO DE COBRE



MUIÑO DO FRANCISCO



ESMAGADOIRO

CONTRAPESO DA PRENSA



CESTO SOBOR DA BASE PARA OS CAPACHOS



TORNO SOBOR DA VIGA DA PRENSA.








| | |
|---|---|
| PAX | 22 |
| TEMA | T.T.C. |
| TRATA | VILARMIEL |
| APARTADO | |

# Vilarmiel

Ista aldea queda a uns trece kilometros da vila de Quiroga, chegase por unha estrada secundaria en bon estado duns trece kilometros que parte da N-120. Tratase dunha aldea na que hai actualmente uns dez veciños e que sufren un pequeno aumento no verao.

Hai nesta aldea un muiño de auga, que se estudia, a uns dez minutos do pobo e que pertence a toda a aldea. Iste muiño deixou de funcionar hai tan só uns dous anos. Tamen se deixou porque se compraron muiños electricos ademais de ser de toda a aldea o cal soe ser sinonimo nas nosas aldeas a deixedade e abandono.

O muiño sufriu unha reforma importante xa que se millorou o cichadoiro que antes era de madeira por un novo de ferro, ademais dunha serie de pequenas reformas, axustes e amaños.

Como caracteristicas:

TELLADO – 1 auga
PRANTO – 11 m²
RODICIO – ferro
ALTURAS – inferno e pranta moa
CONTERIA – mamposteria de pedra pizarrosa en seco.
TIPO – de cubo

| PAX: | 24 |
|---|---|
| TEMA: | T.F.C. |
| TRATA: | VILARMIEL |
| APARTADO | CROQUIS |




PRANTA INFERNO E~1:50




PRANTA MUIÑO E~1:50




PRANTA XERAL E~1:50




SECCION A-A' E~1:50



TRAMOIA E~1:10



ARCA PARA A FARIÑA E~1:10

PAX: 26

TEMA: T. F. C.

TRATA: VILARMIEL

APARTADO: CROQUIS


XUNTAS A CAIXO E ESPIGA
MADEIRA DE CASTIÑEIRO
XUNTA A ESPERA
XUNTA A ESPERA
EN FERRO
PEDRA, MOA

BURRO E~ 1:10



ALZADO W



ALZADO N




LEVANTADOIRO E~1:25




RODICIO E~1:10 e 1:20




CICHADOIRO E~1:10



VISTA PRINCIPAL



CUBO

PEDRA - MOA



RODICIO



Universidade da Coruña - BIBLIOTECA - E.U. ARQUITECTURA TÉCNICA





ARCA PARA FARIÑA

CICHADOIRO



LEVANTADOIRO



ELEMENTOS VARIOS





TRAMOIA



ENGANCHE BURRO A PEDRA

BURRO



TORNO PARA ELEVAR PEDRA



PALA OU PENA DO RODICIO








PAX: 33

TEMA: T. F. C.

TRATA: RUGANDO

APARTADO:

# Rugando

Ista aldea na que xa non habita ninguen está a uns quince kilometros de Quiroga, chegando a ela por unha carretera secundaria en bon estado duns 8 kilometros que parte da N-120 e que é a mesma que nos leva a Parada Seca, Parada Piñol e Vilarmid. Está situada na mesma beira do río Villarmid e é un paraxe moi agradable.

O muiño de auga está situado a mesma beira da estrada e na actualidade pertence a Amadeo pero está bastante deteriorado ainda que conserva as pedras e os restos dun rodicio de ferro no que se pode apreciar que tiro 22 penas. Neste muiño moia a xente de Vilarmid e Parada Piñol principalmente. O muiño pertenceu no seculo pasado o monasterio de Samos e antigamente era parte da ferreria que ali existiu. Foi adquirido xunto coas propiedades polo pai do Amadeo.

Neste mesmo paraxe, a outra beira da estrada atopase a casa na que se aloxou a ferrería e que deixou de funcionar hai case un siglo.

Como caracteristicas:

- TELLADO – 2 augas
- PRONTO – 19 m²
- RODICIO – ferro
- ALTURAS – inferno
  pranta moa
- CANTERIA – mamposteria de laxas pizarrosas en seco
- TIPO – de cubo

Universidade da Coruña
Escola de Arquitectura Técnica




PRANTA MOA E~1:50




PRANTA INFERNO E~1:50



SECCIÓN A-A' E~1:50




Sección b

PAX: 36

TEMA: T. F. C.

TRATA: RUGANDO

APARTADO: CROQUIS



CANLE



CUBO

VISTA



VISTA





TEMA: T. F. C.

TRATA: RUGANDO

APARTADO: FOTOS



VISTA



RODICIU

RODICIO



RODICIO








Xestoso

PAX
39

TEMA
T.F.C.

TRATA
XESTOSO

APARTADO

Ista aldea está situada a uns 18 kilometros de Quiroga e chegase a ela por unha estrada secundaria de uns 10 kilometros que enlaza coa C-533 no alto de Aldriz e chega a mesma Quiroga. Conta ista aldea hoxe ainda con uns 18 veciños. A aldea ten unha beleza como aldea de montaña digna de ser vista.

O muiño que pertence os barrosos está situado no rego do Balongo e chegase a el por Bustelo e empregando logo 1/4 de hora a pé e facendo fronte no ultimo tramo a silvas, fentos, toxos e demais.

O estado e semirruinoso e, tan só quedan as pedras e restos do que foi o rodicio pero dificilmente identificable. Na extructura exterior notase que foi ampliado dandolle unha superficie maior.

Iste foi o ultimo muiño de auga da montaña do Tor que funcionou, e deixou de funcionar fará uns

Como caracteristicas:

+ tellado - 2 augas
+ PRANTA - 15 m²
+ RODICIO - ?
+ ALTURAS - inferno
  pranta moa
+ CONTERIA - mamposteria laxas de pizarrosas en seco
+ TIPO - de regato.



PEDRA ABANDOADA NA ENTRADA DO MUIÑO



O FONDO IMPERCEPTIBLE, O MUIÑO

PAX: 42

TEMA: T. F. C.

TRAMO: PONTIDO

APARTADO:



Pontido

Ista aldea quedouse sen habitantes fara uns 25 anos e chegase a ela, ou o que queda dela por un camiño que de ano en ano faise mais intransitable. Na epoca de mais veciños chegou a ter veciños ainda que as terras de cultivo fosen practicamente nulas. Atapasen nun curto espacio de rio tres muiños

O primeiro chegase a el antes de chegar a aldea quedando a esquerda do camiño. Topase a uns 2 minutos da N-120 e a uns 4 kilometros de Quiroga.

O estado do muiño a pesar de ser semiruinoso conserva a configuración do que foi, asi coma os elementos básicos, exepto o rodicio do que xa tan só quedan vestixios.

É destacable deste muiño a sua complexa extructura asi coma a existencia de 3 niveles o que nos fai pensar que o muiñeiro habitase no propio muiño o cal non é recordado pola xente a que lle preguntei. A complexidade da sua estructura ven imposta pola necesidade de aloxalo cubo nun espacio inexistente o cal se soluciona introducindo unha parte do mesmo na estructura do muiño. ¿Foi a pranta de vivenda feita posteriormente?

... Tamen é destacable a existencia dun forno como añadimento nun costado e o cal se roxa e enforma dende dentro da vivenda. O parecer este forno alugabase a quen quixera cocer e non dispoñera de forno aportando o inquilino a materia prima que xeralmente moia no mesmo muiño ademais da leña e do traballo e como contrapartida tiña que darlle un bolo da fornada o dono. Ademais hai unha artesa ainda na pranta vivenda o cal resulta loxico.

Como caracteristicas:

+ TELLADO - 2 augas
+ PRANTA - vivenda 20 m²
  - moa 12 m²
  - inforno 3 m²
+ ALTURAS
  * mesmas que prantas
+ CANTERIA mamposteria lajas pizarrosas en seco
+ TIPO de cubo

PAX: 44

TEMA: T.F.C.

TRATO: PONTIDO

APARTADO: CROQUIS




PRANTA VIVIENDA E~1:50




PRANTA MOA E~1:50




PRANTA INFERNO E~1:50

Universidade da Coruña · BIBLIOTECA · E.U. ARQUITECTURA TÉCNICA




SECCION A-A' E~ 1:50

PAX: 45

TEMA: T. F. C.

TRATA: PONTIDO

APARTADO: CROQUIS

PÁX: 46

TEMA: T. F. C.

TRATA: PONTIDO

APARTADO: FOTOS

Iste segundo muiño queda o mesmo pasar a aldea do Pontido, a uns 50 m, pasando unha ponte de madeira a piques de caer. Presenta unha configuración complexa.

O muiño está case todo caido e xa non quedan restos de tellado por ningures. Co pouco que queda del e bastante imaxinación podese apreciar que se tratou dun muiño importante. Podese apreciar como o muiño aparece rodeado dunha serie de estancias. A miña explicación é de que nun principio tratouse dunha casa que por estar ben situada engadiu logo o muiño a mesma ainda que sexa mais loxico o proceso inverso a forma en que se traban as paredes de cantame pola primeira posibilidade.

Como caracteristicas:

+ TELLADO - Varias augas, non determinadas

+ PRANTAS - vivienda e dependencias 55 $m^2$
- moa 16 $m^2$

+ ALTURAS - inferno
- moa + dependencias
- dependencias + vivienda

+ RODICIO - de ferro

+ CANTERIA - mamposteria laxas pizarrosas en seco

+ TIPO - de cubo

TEMA: T. F. C.

TRATA: PONTIDO

APARTADO: CROQUIS




PRANTA MOA E~1:50




PRANTA INFERNO E~1:50




PRANTA VIVENDA E~1:50

PAX: 49

TEMA: T. F. C.

TRATA: PONTIDO

APORTADO: CROQUIS

PAX: 50

TEMA: T. F. C.

TRATA: PONTIDO

APARTADO: FOTOS

Iste terceir muiño parece ser que se atopa no xa mencionado rego do Pontido. Foi o ultimo que deixou de funcionar da triada a pesares de non selo millor. É do que menos restos. Para chegar a el, ou o que supuxen que era, tiven que subir polo curso do rio ata atopar unha mole de pedras xa que o camiño que chegaba a el apenas distinguible estaba completamente pechado por todo tipo de maleza e arbustos.




Fiais

PAX. 52

TEMA: T.F.C.

TEXTO: FIAIS

APARTADO:

Nesta aldea tan só queda un veciño que tal como nos dixo ten pensado marcharse en octubre para Quiroga donde ten xa mercada casa. A configuración da aldea é caracteristica xa que se alinean as casas nunha soa estrada sobre unha loma do terreo, ó que chama poderosamente a atención. A aldea achase a uns 30 km de Quiroga e podese chegar por duas carreteras secundarias en bon estado ainda que o ultimo tramo tanto nun caso coma no outro está sen asfaltar, dende Bendollo nun caso e dende Rujando no outro. As duas pistas parten da xa mencionada N-120.

Ista aldea contaba con dous muiños relos. Os dous estab de pé e deixaron de moer fai uns 5 anos.

Non puden chegar a eles porque as silvas, toxos, xestas e demais non me deixaron paso a non ser polo rego. "Nos tempos en qu se botaba pan moian os muiños e a medida que se deixou de botar pan deixaron de moer estes."

Universidade da Coruña - EU ARQUITECTURA TECNICA -






Cireixido

PAX: 54

TEMA: T. F. C.

TRATO: CIREIXIDO

APARTADO:

Ista aldea ten sete veciños a pesar de que nos bos tempos chegou a ter bastantes mais, invariante en todalas nosas aldeas. O pobo está a uns 26 Km de Quiroga e chegase a el por unha carretera secundaria na que o ultimo tramo (3km) está sen asfaltar.

Iste primeiro muiño topase un pouco antes de chegar a aldea a marxe esquerda da estrada o mesmo pasa-la ponte.

O estado do mesmo é lamentable xa que ten o teito afundido por culpa dun coio que lle caeu cando se arreglou a carretera ademais de deixalo sen acceso

É destacable o rodicio que é de madeira integramente.

Presenta todos os elementos básicos pero todos eles moi deteriorados.

Como caracteristicas:

+ TELLADO - 2 augas
+ ALTURAS - inferno
pranta moa
+ CANTERIA - mamposteria de laxas pitarrosas en seco
+ TIPO - de cubo.





↑ VISTAS →



TEMA: T.F.C.

TRATA: CIREIXIDO

APARTADO: FOTOS

Iste segundo muiño da aldea atopase un pouco antes que o xa mencionado pero lixeiramente retirado da estrada, rio abaixo a marxe esquerda.

O estado do muiño é bon a pesar dos deterrioros que presenta que o inhabilitan para funcionar que son básicamente a pudrición do seu rodicio i elementos auxiliares.

Destaca deste muiño a existencia dunha caixa de madeira que cerra as pedras da moa e moxega con duas portiñas frontales que permiten carga-la moxega cando se empeza a moer e maila retirada da fariña cando se remata a muiñada. A pesares de que os outros muiños da aldea non a presentan xa si que dispoñian dela.

O muiño serve na actualidade como palleira para a herba seca e no inferno apenas puiden entrar por estar ocoupado por unha boa pila de leña cortada e empilada.

Como caracteristicas:

+TELLADO – 2 augas

+PRANTA – 12 m²

+ALTURAS – inferno
– pranta moa

+CANTERIA – mamposteria de laxas pizarrosas en seco.

+TIPO – de cubo.




PRANTA MOA E~1:50




PRANTA INFERNO E~1:50



SECCION E~1:50




PENAS



INFERNO



CICHADOIRO



PECHO

VISTA



CUBO





HERBA DENTRO DO MUIÑO



PEDRAS

TRIMOXA, TRAMOIA,...



PEDRAS



Iste muiño está emprazado no cimo da aldea.
Tratase dun muiño de pequenas dimensions e que se construiu para moerlle a facenda.
O estado do muiño é de boa conservación a pesares de estar deteriorado o seu rodicio que é de madeira e de que as silvas empezan a tapalo xunto con algunha que outra goteira que se vai facendo.

Deste muiño destaca a escasez das suas dimensions asi coma o seu rodicio que é inteiramente de madeira. coma todos os desta aldea e, que se debe principalmente, dende o meu punto de vista, o illamento da mesma e polo tanto hai que recurrir os materiais existentes na zoa.

Como caracteristicas:

+ TELLADO - 2 augas
+ PRANTA - 7 $m^2$
+ ALTURAS - inferno
  - pranta moa
+ CANTERIA - mamposteria de laxas pizarrosas en seco
+ RODICIO - de madeira
+ CONSTRUIUSE - fai 150 anos
+ TIPO - de cubo



PRANTA MOA E~1:50



PRANTA INFERNO E~1:50



SECCIÓN E~1:50



DETALLE TRAMOIA E~1:25



TEMA: T.F.C.

TROTA: CIREIXIDO

APARTADO: CROQUIS

TEMA: T.F.C.

TRATA: CIREIXIDO

APARTADO: FOTOS



VISTA



TRAMOIA

RODICIO CON PENAS DE MADEIRA



PEDRAS



Iste cuarto muiño Topase por debaixo da aldea e as características son semellantes os outros muiños da aldea.

Non puiden recoller mais información por non estar a dona e estar iste pechado. O estado de conservación é bastante bó e foi o derradeiro en deixar de funcionar






PAX: 65

TEMA: T. F. C.

TRATA: PARADA SECA

APARTADO:

# Parada Seca

A Parada Seca pola xa mencionada estrada secundaria que parte da N-120 e que nos conduce ademais a Parada Piñol, Vilarmid e Cereixido. É a primeira aldea que atopamos na marxe esquerda. Dista de Quiroga uns 11 km. A aldea conta na actualidade con 12 veciños e case todos vellos, de 40 que chegou a ter nas epocas boas. "Fixate - deciame o Manuel - chegou a haber 20 parexas de bois".

O muiño chegase a traveso dun pendello previo que está semicuberto, no que se garda o carro, donde se fai a augardente, donde se lle coce os ranchos, etc. A estancia do muino é grande e como elemento clásico está coberto por un tellado dunha soa auga.

O estado do muiño non é malo a pesares de non ter xa prensa porque se pudriu e cortouse para leña e deixouse algun que outro cepo. O esmagadeiro conservase pero está medio tapado pola herba que ocoupa unha boa parte da estancia.

Como anecdota, e non tan anecdota, direi que no ano 1926 produxeronse 18 mortos, un deles o pai do Manuel, por usar auga con xabon, do lavadoiro, na producción do aceite. O parecer os afectados presentaban hemoraxias intestinais sen saber a que se debian ata que gracias o medico e as pesquisas se soubo que se debía o aceite e a auga se utilizaba na sua producción. De non darse conta - dixame Manuel que dixera o medico - o pobo inteiro morrería.

Tamen como anecdota decir que a viga da prensa que é de sobreira foi traida en dous carros, con duas parexas de bois. Como podemos ver a Odisea de Homero e as construccións das piramides non estan tan lexos das nosas casas donde o telemando e a parabolica xa estan o orde do día.

Como caracteristicas:

+TELLADO - unha auga

+PRANTA - 35 $m^2$

+ ALTURAS – Pranta moa

+ CANTERIAS – mampostería de laxas pizarrosas en seco

+ CONSTRUIUSE – fai 150 anos

Nesta aldea hai outro muiño que está derrumbado e que xa non ten pedras xa que foi mercada para facer unha mesa nun chalet. Este muiño fixose, curiosamente fai uns 60 anos pero non foi tan boa a sua sorte.




PAX: 68

TEMA: T. F. C.

TRATA: PARADA SECA

APARTADO: CROQUIS



CONTRAPESO DA PRENSA



MOA



ENSAMBLES

Universidade da Coruña - E.U. ARQUITECTURA TÉCNICA - BIBLIOTECA






| |
|---|
| PAX: 70 |
| TEMA: T. A. F. C. |
| TRATO: BENDILLO |
| APARTADO: |

# Bendillo

Achase esta aldea a uns 17 kilometros de Quiroga por unha carretera secundaria en bon estado que parte da xa mencionada N-120. Nesta aldea hai na actualidade uns 10 veciños e pasa ou que xa se menciou noutras aldeas.

Iste pobo conta na actualidade con un muiño de de auga, que foi de maquía e que fai mais de 50 anos que non funcioa.

Centramonos no muiño de aceite que é o que existe na actualidade. Iste achase alexado do pobo. Topase na entrada da estrada para a aldea a mesma beira da N-120 acompañado da igrexa que lle fai compaña. O muiño dito foi trasladado eiquí fai tan só 2 anos xa que denantes estivo noutra casoupa medio derruida e pasou uns 10 anos abandoado. Guillermo, o propietario, que nos afirma que o muiño sempre perteceu a mesma familia dixo que se decidiu a recuperalo porque lle daba magoa, pero que esperaba que se lle axudase xa que a pesar de moitas promesas, a hora da verdade era el o que tiña que pone-lo callo.

Preguntandose pola antiguedade do muiño creese que terá uns 300 anos ou cecais mais. ¡Non se sabe! Naturalmente, nos bos tempos un veciño podía coller ata 500 l pero o embalse e mailas queimas, a falta de xente e o antieconómico que resulta foron os que fixeron que hoxe en día só algun veciño se decida a coller uns litros para si.

Como caracteristicas:

+ TELLADO – 2 augas

+ PRANTA –

+ ALTURAS – O edificio tiña duas pero eliminouse a segunda o ser implantado

+ CANTERIA – Pedra pizarrosa e coio rodado de rio.

+ ANTIGUEDADE – ~ 300 anos

TEMA: T. T. C.

TRATA: BENDILLO

APARTADO: CROQUIS




PRANTA MUIÑO E~1:50



DETALLE MOA E~1:25



SECCION E~1:50

PAX 73

TEMA: T. F. C.

TRATA: BENDILLO

APARTADO: FOTOS



VISTA



ENCAIXE MONTANTE - VIGA

FUSO - VIGA



FUSO



DOSIFICADOR DA ACEITUNA








PAX: 74

TEMA: T. F. C.

TRATA: VILLASTER

APARTADO:

# Villaster

Villaster está a uns 16 kilometros de Quiroga e chegase a ela percorrendo a antiga carretera Quiroga A Rua C-533 A Gudiña - Lalín e logo collese unha pista secundaria en bó estado, 6 kilometros dende a LU-120 a altura do desvio para Bendilló son necesarios para chegar a aldea mentada. Quedan na aldea 15 veciños, o cal mais vello, de uns 50 que foron nos bós tempos.

O muiño de aceite achase no cimo da aldea. e é o pobo quen o atende, xa que o propietario está en Monforte donde ten unha ferretería O muiño non ten nada destacable pero e un signo mais da nosa historia e nos seus entornos parece percibirse as vibracións doutrora que latexan no aire.



PRANTA MUIÑO E~ 1:50



VISTA



MOA

DOSIFICADOR








Montefurado

PAX: 78

TEMA: T.T.C.

TRATA: MONTEFURADO

APARTADO:

Universidade da Coruña · E.U. Arquitectura Técnica

Na beira esquerda da N-120 atopase Montefurado. Hai que percorrer uns 12 Km dende Quiroga para chegar a este paraxe. A aldea conta na actualidade ainda con uns 40 veciños o que fai que sexa a aldea mais importante do concello polo numero de habitantes ainda que nos bos tempos dinos Iginio chegou a ter ata 80.

Ista aldea conta con dous muiños de aceite: o de Iginio e mailo de Xoaquín, pero ningun dos dous moe xa.

Do muino de Iginio destaca que na sua parte superior estaba adicado a vivenda. Hoxe viven noutra casa que fixeron. As paredes estan medio derruidas e xa hai un par de goteiras pero a dependencia seguese aprobeitando para mete-la herba e aldraxes. Noutros tempos usabase no periodo en que non se moia como corte para os ranchos. Dinos Iginio que o muiño sempre pertenceu a mesma familia e seguira pertencendo mentras viva. Preguntando sobor da data da sua construcción dinos que non o pode saber pero que poida que teña mais de 200 anos xa que os seus pais non o acordaban xa.

Montefurado e un pobo bonito e que conserva unha igrexa moi fermosa e con certa resoancia. Ademais Montefurado tamen se coñece por ter o monte furado (seguramente que de ahi o seu nome) xa que se desviou o curso do rio Lor para poder aprobeita-lo ouro. Sobre isto hai paxinas escritas na "Gran Enciclopedia Gallega" e demais bibliografía. Fai tan só uns 70 anos que se fixo o tunel pequeno e que unhas 60 mulleres andaban na rebusca do ouro.

Ademais do ouro e curioso as covas excavadas na terra (arcilla compacta tirando a marga), e polo contado por Xoaquín algunhas delas tiñan portas e dentro había lacenas pulcramente labradas, ademais dos ditos que logo foron desmentidos o ser parte das covas descubertas tras aprobeitar terra para o relleno da autovia.



PRANTA MUIÑO E~ 1:50

Do muiño de Xoaquín podemos decir que cambiou varias veces de donos. Desde que se acorda Xoaquín sabe que pertenceu "Os cortos" logo compraronllelo os de "Marina" e xa logo compraronllelo eles. Como características do muiño decir que a viga da prensa foi cambiada varias veces e é de sobreira namentras que o fuso é de carballo. Preguntando a Xoaquín sobre a antiguedade do muiño e si o seu é mais vello que o de Iginio di que non o sabe e que quiza... pero a muller dí que non namentras que o outro veciño di que eso non é certo... Sabemos pois que a antiguedade dun e do outro son semellantes e andan sobre dos 200 anos ou cecais mais.



PRANTA MUIÑO E~1:50





VISTAS



Iste muiño de auga fai uns 15 anos que deixou de funcionar pero nos bos tempos foi un muiño moi importante, era un dos poucos que contaba con cinideira ou pineira. Deste muiño viñan a moer de todas aldeas veciñas ata un radio duns 10 km ou mais nalguns casos e xunto co de Sequeiros, os do Pontido, o da Ponte e o da Cruz de Outeiro moian a fariña panificable. Os demais muiños eran muiños relos que moian case exclusivamente para a facenda ainda que nalguns casos se moese para facer pan pineirando logo manualmente.

O muino foi motivo de sucesivas ampliacions e melloras e asi dinos que el mesmo lle armou o muiño para que parase so o acabarselle o grao que lle añadeu un piso mais no que podía botar unha sonada, e se cadraba algo mais, xa que a casa que hai o lado foi feita posteriormente. Asi mesmo argallouIle un sistema de tres boquillas. o que lle permitia moer cando había pouca auga, e cando había moita, mais apresa.

Dende que foi feito fai uns 200 anos puxoselle a pineira fai uns 80 anos, adaptouselle á mesma un rodicio independiente fai uns 40 anos, cambiaronselle as moas que antes eran de 1.20 por unhas de 1.10. As pedras para a moa eran mercadas en Monforte, viñan en 4 ou 6 cachos e eran importadas de Francia.

Iste tipo de pedra fraccionadas só as atopamos nos muiños de Sequiros e Montefurado. A pedra e unha especie de seixo que fai chispas o pegar con dous cachos.

Aparte deste muiño había dous mais, un mais abaixo que foi asoulagado polo embalse e outro mais arriba pero ambolos dous fai mais de 100 anos que non funcionan e non son acordados pola xente da aldea.

TEMA: T.F.C.

TRATO: MONTEFURADO

APARTADO: CROQUIS




PRANTA VIVENDA E~1:50




PRANTA MOA E~1:50



PRANTA INFERNO E~1:50

PAX: 86

TEMA: T.F.C.

TRATA: ALBAREDOS

APARTADO:




# Albaredos






PAX: 87

TEMA: T. F. C.

TRATA: VILLARBACÚ

APARTADO:

Villarbacú

Ista aldea queda a uns 30 Kilometros de Quiroga e chegase a ela pola carretera de Campos de Vila e logo por a da Cruz de Outeiro e a continuación pola de Villarbacú e Pacios da Serra. As estradas citadas son todas elas de segundo orde e estan asfaltadas pero cheas de buratos e curvas como todalas nosas carreteriñas. A aldea en si ten unha beleza discutible en cuanto que se trata dunha agrupación de casas nunha ladeira repleta de lameiros e algunha terra de cultivo e na que o sol non ás agracia demasiadas horas. Hai na actualidade 7 veciños de 33 que chegou a ter.

Nista aldea atopanse dous muiños relos de grao un dos cales ainda funciona. Os dous son de herdeiros. O darriba foi feito fai tan só uns 30 anos e pertence a 7 herdeiros dos cales un só o utiliza esporadicamente. O dabaixo suponse que ten uns 100 anos e perteneu a uns 8 herdeiros pero xa fai algun tempo que deixou de funcionar.

Cerca de Villarbacú hai unhas casas que se choman "as casiñas" as cales se chega, se chegaba por un camiño, xa que hoxe en día hai que ir por carreiros e monte a traves donde existiu unha ferrería da cal hinpuen da aldea a acorda funcionar pero que forma parte das moitas que existian na zona como son as de: O Mazo, Xestoso de Arnado, Campos de Vila, Rugando, Ferramolín, Pakiros, Seoane, etc.







PAX: 89

TEMA: T.F.C.

TRATA: VILLARBACU

APARTADO: FOTOS




# Cruz de Outeiro

PAX: 90

TEMA: T.F.C.

TRATO: CRUZ DE OUTEIRO

APARTADO:

Universidade da Coruña
BIBLIOTECA
E.U. ARQUITECTURA TÉCNICA

Ista aldea que foi nacendo por mor da estrada que se bifurca para Villarbacú e mais para Soldón, Seara, Ferramolín... empezou coa 1ª casa fai uns 50 anos, e precisamente coa casa do muiñeiro xa que deste xeito quedaballe mais cerca do muiño. Dista de Quiroga uns 20 kilometros e aloxase na loma dunha montaña de ladeiras empinadas e que esta dibuxada por dous rios que a marcan. Na ladeira que marca o rio Villarbacú atopase o muiño.

O muiño ten uns 87 anos e fai uns 20 anos que deixou de funcionar e foi cambiado de sitio xa que no lugar que ocoupaba antes sacabanlle a auga para regar. Foi feito polo abuelo da actual propietaria quen fixo prácticamente todolos muiños da zona. Tivo o rodicio sempre de ferro. A iste muiño viñan moer todolos da zona.

En Outeiro, aldea de procedencia principal, hai ou houbo dous muiños: un de propiedade e outro do pobo que na actualidade non funciona e apenas quedan restos del.

PAX: 92

TEMA: T.F.C.

TRATE: O MAZO

APARTADO:






O Mazo

Ista aldea que queda a uns 6 Kilometros da Cruz de Outeiro chegase a ela por unha pista de terra dende Soldón e ainda que non ten ningun muiño. E importante a ferrería que nel existiu a da cal quedan restos de paredes e casas que se ven que foron elaboradas nunha coidada mamposteria de laxas. Pertenceu a familia dos Teixeiros [actualmente familia de abogados en Quiroga].

Traiase o ferro do "Alto de formigueiros" de Vieiros. Elaborabase e mandabase en carros a Estación de San Clodio para ser trasladada en tren donde fixese falla.

O ultimo nado na ferrería foi no 1897, pero a ferrería deixou de funcionar arredor do 1880. O parecer foi fundada por familias vascas.

En Ponferrada ainda existe unha funcionando de forma protexida, como monumento artistico.

Existiu ademais unha fabrica de cobre que deixou de funcionar fai uns 80 anos da cal ainda existe alguns instrumentos de cociña feito na mesma.

No 1907 fixose un muiño de grao pero tras de moela primeira fanegada foi arroiado por unha inchenta das cales non se acorda ninguha maior.

Como curiosidade:

1 fanega - 4 ferrados - 58 kp

1 cuartal - 11 kp
(León)

PAX: 94

TEMA: T. F. C.

TRATO: O MAZO











APARTADO: FOTOS


Quiroga
Pacios de Mondelo
Ribera de Abajo
K.79
K.80
K.62
K.61
K.60
K.59
K.58
K.57
K.56
K.55
K.54
K.53
K.331
K.329
K.328
K.327
K.326
K.325
K.324
K.323
San Julián de Abajo
San Julián de Arriba
Hospital
Casa de Diego
Caspedro
Los Castros
Barca
San Pedro
Las Cabeludas
La Cuesta de San Marcos
Soldon
533
535
42
43
44
45
46
47
48





# Soldon

Ista aldea que está moi preto de Quiroga e aloxa o muiño de grao '¿mellor conservado?' da zoa e que ainda funciona. Digo mellor conservado entre interrogantes porque é o que mais modernizado está e polo tanto perdeu parte das caracteristicas autoctonas, ainda que tampouco estói tan disfigurado que non semelle un muiño.

O muiño foi feito polo pai del no ano 1918 e pertenceu a tres veciños de Sequeiros chegando a pertencer ata a nove. O Cañero foi comprando parte por parte e na actualidade é el o único propietario.

Dinos con orgullo que leva 52 anos no muiño e deixa caer o de que no seu muiño se rodou "Sempre Xonxa", no seu muiño e hacia aquela esquina é donde o protagonista tiraba a Xonxa.

O muiño foi afectado duas veces, primeiro polo embalse que lle tivo que subir un pouco na altura e facer o deposito e logo pola autovia que lle arreglou parte do deposito porque lle fastidiu parte con unha zapata dunha pilastra dun ponte.

Ademais de contarnos o irrentable do mesmo e de que por riba ten que pagar polo muiño [¡¡Ten que pagar!!] dinos que son el e muller os que o rexentan. A pesar de ter tido un infarto non quere deixalo e todolos anos pinta el mesmo os rodicios.

**INGRESOS**

1 saco ~ 1 hora
↑
150 Pts

¡Non hai que ser economista para ver que á nosa xente non se fixo outra cousa mais que sangralos e sangralos ata que na actualidade quedaron sen sangue vivindo mentras os mais novos van de guardias de seguridade e peons para as capitais!




VISTA XERAL

PAX: 97

TEMA: T.F.C.

TRATO: SOLDON

APARTADO: CROQUIS

PAX: 98

TEMA: T. 7. C.

TRATA: SOLDAN

APARTADO: CROQUIS







PRANTA MUIÑO E~1:50











PAX 99

TEMA T.A.T.C.

TRAMO SOLDON

APARTADO FOTOS

'Presa'




Ribeira

POX: 100

TEMA
T. F. C.

TRATA
RIBEIRA

APURTADO

Tratase dunha aldea pequena que se desbordou o longo da estrada na que se construiron unha morea de chalets xa que se trata dunha boa zona ademais de estar pegada a Quiroga.

Existen eiquí dous muiños, un que foi velo e outro que tiña pineira.

O primeiro ten 2 moas, unha para farelo e outra para fariña a que iba engadida a pineira. Fixo uns 400 anos e deixou de funcionar fai uns 39 anos. Pertence a casa dos moliñeiros e sempre se acorda pertencer a mesma casa. Foi precintado por non pagar licencia e non se lle deixou moer mais a parecer ser pola competencia.

O segundo, que se crei se fixo cando o primeiro deixou de funcionar foi uns 20 anos pertence os moliñeiros de Vilañan e é do mesmo tipo e viñan a moer ata de Caldelas e Torbeo. Atopase 500 m rio arriba da aldea. Na actualidade esta derruido co teito afundido e ardido xa que ardeu toda a vexetación dos arredores.




# A Ponte

PAX
102

TEMA
T. F. C.

TRATA
A PONTE

APARTADO

Ista aldea que ten na actualidade un veciño e que foi habitada por familias aburguesadas atópase auns 10 kilometros de Quiroga e moi preto de Campos de Vila.

Hai un muiño moi ben conservado e de dimensions considerables que se fixo hai tan só uns 50 anos e foi remozado hai uns 25. Ten duas pedras e fai uns 10 anos que deixou de moer. Na actualidade o problema mais é que ten os rodicios enterrados no fondo do rio por estar istes a unha cota demasiado baixa. Tivo moitos donos e na actualidade pertence a casa do Urbano. A iste muiño veñen a moer todolos pobos dos arredores.

Tratose dun muiño que fácilmente pode ser convertido nun comedoiro que tan de moda estan nos ultimos tempos.




PRANTA MUIÑO E~1:50

PAX: 104

TEMA T. F. C.

TRATA O PONTE

APARTADO CROQUIS.




PRANTA INFERNO E~1:50

PAX:

TEMA: T.F.C.

TRATA: A PONTE

APARTADO: CROQUIS

PAX: 106

TEMA: T. F. C.

TRATA: BIBLIOGRAFIA

APARTADO:

# Bibliografia

"Os muiños" Xavier Lores Rosal Arq. 6-317
"Construccion popular en Galicia" Pedro de Llano Cabado A.T 7206/32 (I-II)
"O muiño da Seca" Pedro de Llano Cabado
"A casa" Xoaquín Lorenzo ed: galaxia
"Todolos muiños da terra galega" Andres San Pedro
"Gran Enciclopedia Galega"
"Gran Enciclopedia Larouse"
"R.T.V.G", ano: II, NUMERO 17, ABRIL 1991
"La Voz de Galicia" miercoles 26 marzo 1986
"As construccions populares" Begoña Bas A.T 72067/23
"El Progreso" 9 agosto 1991
"O conxunto dos muiños do Folon" Xose Carlos Castro Martinez T.F.C.
"Quiroga" L. Antonio Teijeiro

Universidade da Coruña · E.U. Arquitectura Tecnica · Biblioteca